

A CASA DE GALICIA EN MADRID. ENTREVISTA CO SEU DIRECTOR

ANA ACUÑA

Iniciamos esta sección de crónica afondando nas persoas/entidades que manteñen aceso o facho da cultura galega en Madrid. Unha das máis novas institucións vinculadas a Galicia é a Casa de Galicia en Madrid, verdadeira delegación da Xunta de Galicia na capital. Da man do seu director, Xosé Antonio Ferreiro Piñeiro, iremos descubrindo a Casa.

M.-A xénese.

X. A. F.-A Casa de Galicia leva funcionando cerca de cinco anos por unha idea moi persoal do presidente da Xunta de Galicia, porque el quería ter un lugar onde se proxectara (en Madrid) a cultura, a economía e o turismo de Galicia. Comprouse esta casa que ten unha arquitectura moi singular. Este edificio é do ano 24 e foi construído por González de Amezúa. Era unha familia que tiña unha preocupación cultural que nós tratamos de manter nesta casa.

É un palacete situado no núcleo «duro» dos museos (Museo do Prado, Thyssen, Museo do



A casa de Galicia en Madrid.

Exército, incluso o Xardín Botánico) cunha densidade cultural interesante en Madrid.

M.—Obxectivos.

X. A. F—A casa ten un triple obxectivo:

- 1) A proxección da cultura galega en Madrid.
- 2) Lugar de presentación de produtos de empresas galegas.
- 3) Ten oficina de promoción turística ante axentes de viaxe e periodistas especializados.

O primeiro aspecto, da promoción da cultura galega, ten diferentes variantes. Por unha parte temos unha boa exposición de pintura galega nas zonas públicas da casa, nos vestíbulos, pero tres salóns dedicados a exposicións temporais. Cada mes hai dous ou tres pintores ou escultores. A idea é que se lles facilite a súa presenza en Madrid.

A *divisoria entre os actos que se organizan ou rexeitan* cando os piden: evidentemente, o tema debe ser galego, ou tema ou conferenciante ou pintor. Se é galego ten liberdade en canto ó tema, pero se non é galego non ten cabida, en principio. Se non é galego ou descendente de galegos, ten que ter obra de Galicia. Neste caso temos tido aquí pintores que presentan obra, paisaxe de Galicia, ou cousa feita en Galicia.

Hai conferencias sobre tódolos grandes do mundo intelectual e artístico galego (Rosalía, sempre facemos conferencias sobre a figura do ano). É *dicir, é un exame retrospectivo das grandes figuras da poesía, da literatura e da investigación de Galicia.*

En segundo lugar facemos recitais musicais, presentacións de libros galegos ou traducións ó castelán ou xa directamente escritos en castelán por autores galegos. E, finalmente, hai mesas redondas sobre algún tema galego. Ocupámonos de facer unha homenaxe ós galegos ilustres que viven e morren en Madrid. Empezando por Rof Carballo, Elena Quiroga, o arquitecto De la Sota, o crítico musical Fernández Cid, o dramaturgo Lauro Olmo, o periodista Blanco, tamén Vázquez de Parga, un dos grandes autores sobre a obra monumental do camiño de Santiago e medievalista insigne. Estas figuras que morren en Madrid (galegos) teñen un recordo aquí, na Casa de Galicia.

Por outra parte, no mundo da cultura, queremos que tódolos intelectuais galegos ou escritores do momento, *pasen pola casa de Galicia e desde logo están pasando ou pasaron xa.* García Sabell,

Fernández del Riego, Casares, Sixto Seco, Camilo José Cela, Torrente Ballester, Manolo Rivas, Manuel María, María do Carme Kruckemberg, todos estes están pasando pola casa de Galicia e seguimos adiante con eles.

E, por último, invitamos a dar conferencias a galegos que no mundo da empresa están destacando. Fixemos un ciclo de galegos destacados aquí en Madrid, tanto en organismos económicos como en empresas privadas. De modo que estamos aproveitando estes galegos eminentes tamén no mundo económico, da investigación que, aínda que non vivan en Galicia, poden aportar algo.

A segunda liña de actuación é que a Casa de Galicia sirva de marco de presentación para produtos e empresas galegas. Porque neste momento coa globalización e a internalización da economía a empresa galega ten que saír vender fóra. En Galicia non había este interese polos departamentos de vendas como hai agora, pois agora os empresarios galegos teñen que saír fóra e o primeiro paso que deben de dar é, á parte da promoción de vendas no interior, unha presentación do produto a potenciais compradores. Entón a Casa de Galicia está aberta ós empresarios galegos en condicións de gratuidade total, é dicir, que nas salas non hai taxa, non hai prezo por elas (e iso inclúe a luz, a limpeza, a seguridade e o local en si). Eles, naturalmente, teñen que ofrecer unha copa, suponse que se alguén presenta un produto ofrece ou dá un cóctel.

Madrid é un mercado interesante para tódalas empresas galegas, esta pode se-la primeira etapa das presentacións. Despois uns irán a outros lados, pero neste primeiro paso, a casa de Galicia desempeña un papel importante de acollida para estes empresarios.

E, finalmente, a oficina de turismo.

M.—Actividade.

X. A. F—A actividade que temos creo que é intensa. De luns a xoves temos polo menos un acto cada día, outras veces temos un acto pola mañá e outro pola noite. Temos un bo poder de convocatoria, a xente acode ás nosas conferencias gracias a que diversificamos moito porque non imos te-lo mesmo público tódolos días.

No teatro é onde menos posibilidades imos ter: non temos escenario, non temos condicións. É complicado. *Pero ultimamente recibín a noticia de que había dous galegos que fan unhas presenta-*

cións. Estamos en contacto con eles, algún intento imos facer.

Tamén temos limitacións en canto ós concertos, non podemos traer aquí concertos cun gran volume de son porque rebenta a casa. Pero adecúanse: en vez de ser dez, pois veñen catro do grupo, en vez de trae-los instrumentos que teñen maior volume, pois traen outros máis suaves. Carlos Núñez tivémolo aquí, nunca tocou a gaita, tocou a frauta. *Todo se salva.*

Sería interesante nalgún momento ter, pero tamén aí fai falta espacio, unha exposición permanente de artesanía galega cunha información adecuada para que a xente viñera ver e contactara coa empresa da que se tratara, non para vender.

M.—Turismo.

X. A. F.—É importante que a xente saiba que hai unha representación de Galicia cunha oficina de Turismo aberta ó público. Creo que ese coñecemento xa chegou á rúa. Primeiro ten que haber un coñecemento xeral de que hai unha oficina de turismo en Madrid e que está na Casa de Galicia en Madrid. Creo que a casa de Galicia en Madrid xa é bastante coñecida, que facemos bastante ruído para que se coñeza, e, xunto coa Casa de Galicia, a idea dunha oficina de turismo aberta ó público que se pode consultar. Realmente, a xente pedindo información está aumentando cada ano.

M.—Público.

X. A. F.—O noso público é un público madrileño, non exclusivamente galego. Porque se é unha proxección da cultura galega, naturalmente é unha proxección no madrileño, en Madrid. E isto non é un Centro Galego, é dicir, aquí non hai socios. Non cabe dúbida que, dentro do público que vén a cotío, a porcentaxe galega é unha porcentaxe elevada porque hai unha poboación de galegos importante en Madrid e porque hai maior fidelización dos galegos. Noutros actos, en cambio non hai tantos galegos, é un público moi cosmopolita, moi de Madrid, de tódalas procedencias. Eso sempre é interesante.

M.—Instalacións.

X. A. F.—Temos unha Sala de Xuntas que é utilizada moito por autoridades da Xunta de Galicia

que veñen facer reunións nos ministerios e que se entrevistan antes aquí na Sala de Xuntas da casa cos doutras comunidades autónomas para ir un pouco concertados ás entrevistas dos ministerios. Pero tamén a Sala de Xuntas é ocupada por empresas privadas, os Parques Tecnolóxicos de Galicia tamén se reúnen ou unha entidade española que ten un presidente galego.

As asociacións de galegos en Madrid utilizan a Casa para as súas asembleas e reunións profesionais, os médicos galegos de Madrid, os xuristas galegos de Madrid tamén a utilizan. Pero os empresarios non só para as asembleas, senón que se reúnen de vez en cando, cando teñen un conferenciante de interese para eles.

Pero, en xeral, os nosos actos son públicos, libres. Temos unha programación trimestral que se dá á xente que a solicita e repártense como mil invitacións. Pero a invitación non é necesaria, é un pequeno recordatorio. Invitación para tódolos actos recíbena os periodistas galegos de Madrid (hai 120 periodistas galegos en Madrid), eses reciben para tódolos actos e tamén os medios (os medios madrileños de prensa, radio e televisión e os corresponsais de prensa galega). Do demais faise unha distribución dosificada. O importante é que a xente estea en contacto coa Casa pola prensa do día e polo programa trimestral que o collen aquí e xa saben máis ou menos o que vai haber.

Temos unha Biblioteca con fondos e hai xente que vén consultala e os xornais galegos. A Biblioteca non ten instalación porque a casa estase quedando pequena. Tampouco temos sitio para dar clase de galego, menos mal que o Centro Galego se ocupa desto. Algunha xente que vén aquí e pregunta por clase de galego, de danza galega ou baile galego, pois remitímolos ó Centro Galego de Madrid que dan esas clases de galego e teñen un grupo de folclore galego (de música e danza galega).

M.—Iniciativa a dúas bandas.

X. A. F.—A iniciativa non é nosa exclusivamente. Estamos atentos á prensa galega e cando hai alguén (un médico, un hospital de Galicia, ou da universidade) que fai un descubrimento importante, pois en seguida o chamamos. Eso xa é a iniciativa nosa. Outra veces é de xente que se enteira dalgo e chámame porque me coñece.

De modo que hai este movemento de ida e volta: iniciativa nosa, iniciativa da xente. Os pin-

tores hai algúns que se invitan pero normalmente é iniciativa deles, de manda-lo seu currículo, as súas críticas e todo pedindo expoñer na Casa de Galicia.

O problema en canto a exposicións é que temos compromisos para dous anos e agora non seguimos dando a Casa. Por tanto, agora estase dicindo que dentro dun ano soliciten de novo.

M.-Froitos.

X. A. F.-Cando se termina o acto o seguimento é de cada empresario, naturalmente non nos dá conta dos seus negocios.

É máis fácil segui-lo éxito dos pintores. Primeiro porque xa o vemos cando as críticas se producen, tamén vemos xente interesada en comprar. Os pintores nese momento din que venderon, non venderon ou que están en contacto con galerías de Madrid (porque vén aquí algún galerista que lle gusta a exposición e dámoslle o enderezo do pintor). Vemos, normalmente, se están contentos porque despois do mes da exposición veñen, recollen a obra e comentan.

En cambio o empresario que vén aquí e fai a presentación dun produto, vaíse e xa non o volvemos ver, ó mellor. De modo que o seguimento é moito máis difícil, porque cando se vai de aquí aínda non ten unha idea de como van se-los froitos.

Despois de certos actos vémo-la repercusión. Cando apareceu a fotografía dos cigarróns de Verín no diario *El País* a catro columnas, ou no telediario da televisión unha reportaxe dos cigarróns antes dos deportes, e nas radios, vemos que a repercusión está aí e o alcalde viuño ben.

M.-Satisfaccións.

X. A. F.-Moitas. Por exemplo, cando lle fixemos a homenaxe a Alejandro de la Sota (o arquitecto), incluso viñeron compañeiros del arquitectos ou arquitectos de Madrid, admiradores da súa obra. Ou Rof Carballo, ó mellor non sabían que era galego e nese momento apareceu «Homenaxe ó galego Rof Carballo» na prensa.

É unha forma de dicir que os galegos non soamente son os pobres emigrantes que veñen co posto aquí e empezan a traballar nos traballos máis humildes. E cando vén un galego situado nunha empresa aquí, tamén se pon de relevo que el empezou de nada porque esa é a cousa dos galegos:

empezaron de nada e que pouco a pouco van subindo no escalafón das empresas, como empresarios tamén. Eso é moi interesante de facer.

Cando vén un músico que temos que cerra-las portas de fóra e poñer «aforo completo» como pasou moi recentemente con Emilio Cao. Eso é moi satisfactorio. A xente acode, enche a casa e hai que cerra-las portas xa. Eso ocorreunos dúas veces, moi recentemente. Con Amancio Prada tamén ocorreu.

Pintores, por exemplo Jorge Peteiro. Un rapaz que veu aquí e, de repente, do programa de Jesús Hermida pedíronno-lo catálogo de Jorge Peteiro para poñer nos paneis do programa. Despois vimos que Jorge Peteiro non deixou de expoñer fóra de Galicia. Eu recibía del a invitación para a inauguración da súa exposición en Valencia ou en Victoria. Esas cousas satisfan moito.

En xeral, o motivo máis grande de satisfacción é que a Casa, que empezou sendo motivo de gran polémica, que empezou a ser moi discutida, pois agora ninguén a discute. Porque había un concepto moi equivocado, cando se abriu a Casa. Os críticos da Casa dicían «porqué se monta unha Casa tan cara para que veña o presidente e os conselleiros e teñan un despacho onde estar, pois para iso non facía falta unha inversión tan grande». Pois resulta que, evidentemente o presidente vén aquí, os conselleiros veñen aquí, entre visita a un ministerio e outro veñen aquí e traballan e están en contacto coa súa consellería é tal e cal, pero eso non é o máis importante da Casa.

O máis importante é a actividade de tipo cultural, económico e turístico que desempeña a Casa. E agora a xente viu eso, viu que o de menos é que servira aquí de sede de conselleiros ou de políticos e o demais son as actividades públicas que se fan. Entón a perspectiva cambiou, a actitude da xente con respecto á Casa cambiou.

M.-Ofertas e servizos.

X. A. F.-Vén xente consulta-lo DOG, que está interesada cando escoitan que hai unha convocatoria, oposicións da Xunta de Galicia. Vén moita xente.

É como unha oficina da Xunta de Galicia. Aínda non temos ese servizo que algunha veces é demandado: un rexistro, é dicir, un sitio onde se pode entregar un papel con destino á Xunta de Galicia. A idea é montalo tamén.

Hai tamén un servizo interesante para as empresas ou investigadores que recorren tamén á Casa de Galicia a pedir información de empresas galegas do ramo ou de cousas que lle pode interesar, tanto con empresas galegas como información económica xeral de Galicia. Mensualmente cumprimentamos, dentro das nosas posibilidades, estas peticións de información. Pero, non conformes coa información que lle demos a un solicitante, cada mes facemos unha relación destes solicitantes do tema que pediron e outra relación co que lle demos. Ese listado de persoas vai a tódalas cámaras de comercio de Galicia, á COE de Galicia e Dirección Xeral de Comercio, ó IGAPE e á Secretaría da Presidencia de Galicia. Sabemos que moitos destes solicitantes despois de recibila nosa información, reciben unha información máis completa da Cámara de Comercio de Vigo ou da Coruña ou de Lugo.

Tamén témo-lo IGATEL. Estamos conectados cun sistema económico-informativo da Xunta de Galicia. Por tanto, Paula, que leva ese tema, pide a información do IGATEL cando recibe unha solicitude desas e dálla.

É outra consecuencia de que a Casa de Galicia é coñecida. Cando pensan en obter un dato de Galicia, pensan na casa de Galicia en Madrid (a xente de Madrid). É moi positivo.

M.—Resaltar.

X. A. F.—Aquí sempre xiramos sobre Galicia, traemos galegos eminentes de Galicia a dar

conferencias aquí ou galegos eminentes de Galicia que falan de figuras históricas literarias galegas ou non galegos que falan deso. De Rosalía de Castro pode falar calquera investigador, por tanto vén e fala. Ese é o criterio, pero moitas veces por razóns de marketing tratamos de conseguir que outras personalidades non galegas deseen unha conferencia na Casa de Galicia.

Despois seguimos coa nosa tarefa normal, diaria.

Fixemos un ciclo o ano pasado moi interesante: o dos embaixadores europeos. Estamos preparando agora, neste plano de cousas que saen do cotián, un ciclo de presidentes de rexións europeas para que falen, dende o punto de vista das rexións, da construción europea.

Moitas cousas están fóra dos noso orzamento, pero cando hai algo que merece a pena e cun orzamento que ó mellor nos excede, pois temos un convenio de cooperación coa Fundación Caixa Galicia. Se a manifestación de que se trate lle interesa dentro do seu contexto, dentro das súas intencións, non ten inconveniente en afrontalo gasto.

Pedimos que cada músico ou cada persoa que vén aquí, que rebaixe o seu «cachet» normal contribuíndo tamén á promoción cultural de Galicia. Iso paréceme que é xusto e eles son moi receptivos a esta idea e compréndeno perfectamente. Ese é un aspecto moi satisfactorio, ver que comprenden esta posición.